

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 14 de outubro de 2024**

Con data catorce de outubro ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Teresa Barge Bello

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 7 de outubro de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE, DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2024, DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA REPARTIMENTO DE USO DOS ESPAZOS DEPORTIVOS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ” DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2024/2025.

- Na data 04.10.2024, incorporouse ao expediente informe evacuado polo servizo de deportes da Deputación, que na súa parte dispositiva indica o seguinte:

A Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, na sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2024, adoptou o acordo de resolución da convocatoria pública para repartimento de uso dos espazos deportivos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 2024/2025, cuxo apartado terceiro recolle o seguinte teor literal:

“Denegar o uso continuado de espazos deportivos do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada deportiva 24-25, ao abeiro do establecido na base 7, parágrafo primeiro, segundo o cal “Como norma xeral, todas as entidades deportivas con sede social ou delegación na Provincia de Ourense terán dereito a asignación de horas solicitadas nesta instalación deportiva exceptuando aquelas entidades que practiquen actividades deportivas que polas súas características ou medios empregados, deterioren ou modifiquen gravemente o pavimento deportivo da instalación ou afecten o mantemento e durabilidade deste”, á entidade que se cita de seguido: ENTIDADE SOLICITANTE MODALIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO OURELA G32441065 PATINAXE”

Contra a dita resolución D^a María Eligia Gómez Gómez, en calidade de presidenta do CD OURELA, titular do CIF G32441065, ao amparo do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas interpuxo recurso de reposición.

Tras unha breve descrición da patinaxe artística e dos lugares nos que se desenvolve esta modalidade deportiva, manifesta a solicitante que esta especialidade deportiva non deteriora nin modifica o pavimento de madeira desta instalación deportiva e que os campionatos de patinaxe artística celébranse en pavimentos de parqué. Ningunha dúbida alberga o que subscibe este informe de que os pavimentos de madeira son a mellor solución para os deportes con rodas, pero debemos ter claro que tamén é certo que non todas estas superficies deportivas foron deseñadas especificamente para as rodas. De feito, o Pazo dos Deportes “Paco Paz” foi deseñado, única e exclusivamente, para o baloncesto, pensando no Club Ourense Baloncesto, que é unha modalidade deportiva que precisa dunha elevada absorción de impactos. Non obstante, co paso dos anos e con fin de conseguir un mellor

aproveitamento e optimización do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, promocionando a práctica deportiva, contribuíndo ao fomento da actividade física e do deporte, harmonizouse o disposto no parágrafo anterior coa realidade e demanda existente no deporte ourensán nas súas diferentes manifestacións o que motivou que na actualidade desenvólvanse máis modalidades deportivas nesta instalación deportiva.

O feito de que na actualidade se desenvolvan máis modalidades deportivas non impide que dende o Servizo de Deportes teñamos como obxectivo principal un exhaustivo e permanente mantemento da superficie deportiva que permita o alongamento da súa vida útil, deixando fóra desta instalación deportiva aquelas modalidades deportivas que son máis agresivas para o seu pavimento deportivo. Tal circunstancia recóllese na base 7, parágrafo primeiro das bases reguladoras para repartimento de espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” “Como norma xeral, todas as entidades deportivas con sede social ou delegación na Provincia de Ourense terán dereito a asignación de horas solicitadas nesta instalación deportiva exceptuando aquelas entidades que practiquen actividades deportivas que polas súas características ou medios empregados, deteriorenen ou modifiquen gravemente o pavimento deportivo da instalación ou afecten o mantemento e durabilidade deste”.

Polo que respecta á patinaxe artística, modalidade deportiva obxecto da solicitude, convén poñer de relevo que o Servizo de Deportes, previa consulta con empresas especializadas, considera que as rodas son un complemento que actúa dunha maneira máis agresiva sobre o pavimento do que supoñen as zapatillas, susceptibles de causar graves deterioracións sobre a superficie deportiva e dando lugar con iso a un acurtamento da súa vida útil e a renovacións máis frecuentes e custosas da capa final de verniz para que a madeira estea sempre protexida e en óptimas condicións deportivas.

Respecto ao informe do técnico ao que fai referencia na súa solicitude, debemos manifestar que se trata de recomendacións do técnico da empresa especializada que mantivo o pavimento do Pazo dos Deportes “Paco Paz” durante varios anos e que unicamente concluíu que disciplinas deportivas eran máis ou menos recomendables ou axeitadas que se desenvolvesen nesta instalación deportiva, tendo en conta as características de cada modalidade deportiva e a orixe e composición da superficie de madeira desta instalación deportiva.

Polo exposto, de conformidade co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao abeiro da base 7, parágrafo primeiro das devanditas bases reguladoras, e en cumprimento do disposto no artigo 5.7 b) do Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo

dos Deportes “Paco Paz, (BOP nº 107 de 11 de maio de 2023), por parte do Servizo de Deportes propónse que pola Xunta de Goberno desta Deputación se adopte o seguinte acordo de resolución do recurso de reposición interposto polo CD OURELA:

PRIMEIRO: Denegar o club solicitante, CD OURELA, titular do CIF G32441065, o uso continuado de espazos deportivos do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada deportiva 24-25.

SEGUNDO: Notificar esta resolución aos interesados.

Consonte co informe técnico transcrito e a previsión da base sétima das reguladoras do reparto de uso de espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” (BOP núm. 142 de data 23.07.2024), na que se exceptúa do reparto a “...aquelas entidades que practiquen actividades deportivas que polas súas características ou medios empregados, deterioren ou modifiquen gravemente o pavimento deportivo da instalación ou afecten o mantemento e durabilidade deste...” a Xunta de Goberno, por unanimidade acorda:

1º. Desestimar o recurso de reposición con NRE 42122 de data 27.09.2024, interposto por D^a María Eligia Gómez Gómez en representación do CD OURELA, contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Ourense de data 23.09.2024 e polo que se resolveu a convocatoria pública para repartimento de uso dos espazos deportivos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 2024/2025.

2ª Notificar o presente acordo ás persoas interesadas.

3º.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE OUTUBRO DE 2024 SOBRE A MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2024 NO CONCELLO DE AMOEIRO.

- De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Rectificar os erros materiais advertidos no acordo da Xunta de Goberno de data 7 de outubro de 2024, sobre a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Amoeiro, da seguinte forma:

Onde di:

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora de vías municipais en Afonsín	48.398,81	43.398,81	0,00

Debe dicir:

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora de vías municipais en Afosnín	48.398,81	48.398,81	0,00

4º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DOS BLANCOS.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello dos Blancos, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Adquisición de vehículo eléctrico para o concello"	10.000,00	10.000,00	0,00

No Programas de Gasto corrente e amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Amortización de débeda"	8.225,48	8.225,48	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

5º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Calvos de Randín, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Area recreativa en Vila e arranxo de camiño en Pintás”	24.667,43	24.667,43	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Castrelo de Miño, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mantemento do acceso ao campo da festa de Parada	15.185,32	15.185,32	0,00

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Fomento do emprego: Obradoiros	6.659,59	6.659,59	0,00
Persoal medioambiente. Fondo de compensación ambiental	5.492,28	5.492,28	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Chandrexa de Queixa, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:
No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Ampliación de cociña (local social de Cardiego)"	30.000,00	30.000,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

8º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE COLES.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Coles, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Xestión da biomasa en núcleos e vías municipais	38.307,81	38.307,81	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

9º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE CUALEDRO.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Cualedro, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:
No Programa de Investimentos:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Reparacións e melloras da rede de abastecemento de Baldriz e Estivadas”	14.000,00 €	11.942,86 €	2.057,14 €

No Programa de Gasto corrente e amortización de débedas:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Gastos de persoal do concello”	30.000,00 €	17.914,28 €	12.085,72 €

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

10º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DO IRIXO.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello do Irixo, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora e pavimentación do camiño municipal de acceso a Ribas	15.747,00	15.747,00	0,00

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de recollida de residuos sólidos	32.643,30	23.696,75	8.946,55

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

11º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE MANZANEDA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a

Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Manzaneda, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Mellora do firme de accesos a urbanización o Poblado"	11.000,00	9.028,85	1.971,15

No Programa de Gasto corrente e amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Amortización de débeda"	13.543,28	13.543,28	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

12º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE PETÍN.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta

de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Petín, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Dotación de instalación de parque infantil e biosaludable en Carballal	7.450,00	7.450,00	0,00

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

Reparación de tractor propiedade do concello	5.810,39	5.810,39	0,00
--	----------	----------	------

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

13º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE TABOADELA.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Taboadela, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Mellora e embelecemento da rúa principal e sinalización de Aldea o Castro Taboadela"	56.774,33	20.983,87	35.790,46

No Programa de Gasto corrente e amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
"Gastos de persoal"	2.323,56	2.323,56	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE TRASMIRAS.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Trasmiras, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos laborais do persoal encargado de Obras e Servizos de mantemento do concello	21.215,35	21.215,35	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

15º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VILAR DE SANTOS.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Vilar de Santos, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Instalación de catro novos puntos de iluminación pública”	5.310,98	5.310,98	0,00

No Programa de Gasto corrente e amortización de débeda

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Limpeza camiño público”	2.968,13	2.968,13	0,00
“Reparacións/ Mantemento iluminación pública”	1.863,40	1.863,40	0,00

"Actividades culturais"	3.135,41	3.135,41	0,00
-------------------------	----------	----------	------

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

16º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE COLES PARA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO E DE PARQUES INFANTÍS, NO LUGAR DA ESTACIÓN DE BARRA DE MIÑO, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Aprobar unha subvención a favor do Concello de Coles, nos seguintes termos:

-Importe: 14.276,80 €.

-Obxecto: Adquisición de mobiliario urbano e de parques infantís, no lugar da Estación de Barra de Miño, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (16.723,79 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a

realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

17º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE MANZANEDA PARA OBRAS DE MELLORA DO FIRME DAS RÚAS DE URBANIZACIÓN DO POBOADO, DE MANZANEDA.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Manzaneda nos seguintes termos:

-Importe: 71.900,00 €.

-Obxecto: Obras de mellora do firme das rúas de urbanización do Poboado, de Manzaneda.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (71.900,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que obtivo as autorizacións sectoriais, de ser necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades

locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

18º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RAMIRÁS PARA ARRANXO ACCESO A SANTOMÉ, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Aprobar unha subvención a favor do Concello de Ramirás nos seguintes termos:

-Importe: 11.488,74 €.

-Obxecto: Arranxo acceso a Santomé, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (11.488,74 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a

oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

19º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA PARA RENOVACIÓN DE LUMINARIAS EN CEA, CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-Obxecto: Renovación de luminarias en Cea, correspondente ao exercicio 2024.

-Importe da subvención que se consignou na modificación de créditos nº 1/2024 do orzamento do exercicio 2024: 30.000,00 euros.

-Orzamento de gastos presentado polo solicitante: 29.379,24 euros.

-Importe que procede reducir en base ao orzamento presentado: 620,76 euros.

-Importe que procede conceder: 29.379,24 euros.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (29.379,24 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

20º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE TABOADELA PARA HUMANIZACIÓN E MELLORA DA PRAZA NO NÚCLEO DE ABELEDO, CORRESPONDENTE AO ANO

2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Taboadela, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 €.

-Obxecto: Humanización e mellora da praza no núcleo de Abeledo, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que obtivo as autorizacións sectoriais, de ser necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

21º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE VILAMARÍN PARA OBRAS E INSTALACIÓNS NO AUDITORIO DE VILAMARÍN, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Vilamarín, nos seguintes termos:

-Importe: 80.000,00 €.

-Obxecto: Obras e instalacións no Auditorio de Vilamarín, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (80.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo

de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de novembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

22º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

23º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

24º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e nove minutos do referenciado día 14 de outubro do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.